



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 10 DE SETEMBRO DO 2020.

ASISTENTES:

Presidente: D^a. María José Sampedro Fernández (Alcaldesa en funcións) Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta minutos do día dez de setembro do dous mil vinte, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas as actas das sesións ordinarias das datas 02/07/2020, 09/07/2020, 16/07/2020 e 23/07/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES TECMED, S.A." (ACTUALMENTE DENOMINADA "URBASER, S.A.") PARA RESPONDER DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA O SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS PÚBLICOS E CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA.

Visto o expediente tramitado por este Concello para a contratación, polo sistema de concurso con procedemento aberto do Servizo de limpeza en edificios públicos e centros educativos de Ribeira.





A adxudicación realizouse por acordo da Comisión de Goberno, na súa sesión de data 18/04/2020, a favor da empresa **“TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES TECMED, S.A.” con CIF : A79524054**, (cambiada a súa denominación social á que hoxe ostenta, producida pola fusión das mercantís “TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES TECMED, S.A. e “URBASER, S.A.”, segundo obra nos antecedentes do expediente), e o correspondente contrato asinouse na data 29/08/2002.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva por importe de 2.658,36 euros, segundo carta de pago estendida ó seu favor con data 26/07/2002.

Tendo en conta que rematou o período de execución do contrato e que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do mesmo.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía depositada.

Vistos os informes emitidos polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga, da data 03/06/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 03/06/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.658,36 euros constituída por “TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES TECMED, S.A.” (actualmente denominada “URBASER, S.A.”, con CIF : A79524054), para responder da execución do contrato administrativo denominado SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS PÚBLICOS E CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA

2.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEPOSITADAS POLA EMPRESA “ALCOMTE GALICIA, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 22/11/2018, a favor da empresa “ALCOMTE GALICIA, S.L.” (NIF número B15648223), e o correspondente contrato asinouse na data 17/12/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.495,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 15/11/2018 (nº de operación 2018 33009234), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (REA nº 8102-01148) e unha garantía complementaria de 1.495,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 15/11/2018 (nº de operación 2018 33009235), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (REA nº 8102-01149).

A Acta de recepción das obras formalizouse en abril/2019.





Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías depositadas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 07/09/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 07/09/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución das garantías definitiva e complementaria depositadas pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.495,00 euros e da garantía complementaria de 1.495,00 euros constituídas por “ALCOMTE GALICIA, S.L.” (NIF número B15648223) para responder do contrato de “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)”.

3.- DECLARACIÓN DE DESERTO DA LICITACIÓN SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA ILUMINACIÓN FESTIVA DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA OS ANOS 2020 E 2021.

Expediente: 2019/C_SU000006

Visto o expediente que se tramita para contratar a **SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA ILUMINACIÓN FESTIVA DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA OS ANOS 2020 E 2021**, cun orzamento total de licitación de 199.093,40 euros (orzamento base: 164.540,00 euros; IVE 21%: 34.553,40 euros). (Valor estimado do contrato: 164.540,00 euros).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, o prego de prescricións técnicas redactado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Preira, na data 25/09/2019, o prego de cláusulas administrativas particulares e o correspondente gasto, aprobáronse por decreto da alcaldía de data 30/09/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 01/10/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, José Manuel Oliveira Brión, na data 17/10/2019, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación foi presentada de forma completa, a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Ribeira, a oferta do seguinte licitador:

1.- Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polo licitador que a continuación se indica, cuxa oferta foi rexistrada, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Ribeira e que conteñen a declaración responsable e a oferta técnica, , realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/10/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES PRESENTADOS	DECLARACIÓN RESPONSABLE
Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.	CORRECTA





Realizada a dita apertura e despois dunha sucinta lectura da documentación técnica aportada polo licitador, a Mesa de contratación, por unanimidade, acordou dar traslado da dita documentación contida nos mencionados arquivos aos servizos técnicos pertinentes para que emitan o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor que figuran na cláusula 17 e na epígrafe L do Anexo I do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 21/10/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e o técnico do departamento de cultura Unai González Suárez emitiron o informe solicitado pola Mesa de contratación na súa reunión de data 21/10/2019, co detalle de proposta de puntuación da oferta valorada.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a MESA DE CONTRATACIÓN, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica aportada polo licitador no seu sobre "A" de criterios avaliados mediante xuízos de valor:

EMPRESA	ILUMINACIÓN NAVIDEÑA (MAX 40 pts)	ILUMINACIÓN FESTAS DO VERÁN DE RIBEIRA (MAX 10 pts)	PUNTUACIÓN
Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.	29	6	35

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, PROCEDENDO A CONTINUACIÓN Á APERTURA DOS SOBRES "B" de criterios avaliados automaticamente (oferta económica), dando o resultado seguinte:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.	158.540,00	50

Tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 21 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 24/10/2019, o alcalde Manuel Ruiz Rivas mediante decreto de data 25/10/2019 ditou a seguinte resolución:

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Subministración e instalación da iluminación festiva do Concello de Ribeira para os anos 2020 e 2021", do seguinte xeito:

Orde	LICITADORES	Puntuación sobres A	Puntuación sobres B	TOTAL FINAL
1	Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.	35	50	85

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir a "ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, S.L." que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do requirimento, presente a través da Plataforma de Licitación Electrónica deste Concello a documentación que se indica na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na





data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

A resolución da alcaldía de clasificación de ofertas foi notificada ó licitador requirido na data 28/10/2019.

A empresa “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.” presentou documentación, que tivo entrada a través da Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Ribeira na data 06/11/2019 co número 281E2019000000000337.

Unha vez examinada a documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 02/07/2020, acordou requirir á empresa “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.” para que no prazo improrrogable de tres días naturais (a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación do correspondente requirimento), presentase a seguinte documentación, de forma telemática, a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo que se lle concede non procedesen á emenda da documentación:

- Documentación xustificativa de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a data de finalización do prazo de presentación das ofertas e a data actual.
- Documentación acreditativa de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do prezo final ofertado (IVE excluído).

O requirimento da Mesa de contratación foi enviado de forma telemática ó licitador na data 09/07/2020.

Non consta que á empresa “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.”, dentro do prazo concedido, presentase a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello a documentación requirida.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 03/09/2020 e vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- Excluir da licitación á empresa “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.”, por canto non presentou a documentación requirida pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 02/07/2020.

TERCEIRO.- Declarar deserta a licitación, xa que a esta presentouse solo un licitador, “Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.”

CUARTO.- Este acordo notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 03/09/2020 **“Decreto: Finalización da suspensión temporal do contrato e, polo tanto, reinicio da prestación da xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal do Concello de Ribeira”.**

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

LICENZA DE OBRA MAIOR PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO (*catalogado Ficha A-14, protección grao II*).

RÚA DE GALICIA, Nº 78, RIBEIRA

PROMOTOR: JOSÉ RAMÓN GARCÍA OLVEIRA

En relación co expediente relativo á **solicitud de licenza de obra maior para reforma e ampliación de edificio**, (*catalogado Ficha A-14, protección grao II*) da que é promotor **D. José Ramón García Olveira** na Rúa de Galicia, nº 78, Ribeira, e tendo en conta os seguintes,

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Escritos presentados polo **Sr. José Ramón García Olveira, (DNI 76.490.361-C)**, rexistrados de entrada nas datas 10 de outubro de 2018, 26 de xuño de 2020 e 15 de xullo de 2020, (Rexistro de entrada nº 14.681, 14.689, 7.034, 7.056, 7.059 e 8.359), mediante os que se solicita licenza de obras para reforma e ampliación de edificio catalogado Ficha A-14, protección grao II, sita na Rúa Galicia nº 78, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX achegándose Proxecto Básico de setembro de 2018, Refundido de modificado Proxecto Básico de xullo de 2019, Refundido de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 25 de xuño de 2020 redactados polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

SEGUNDO.- Resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo asinada dixitalmente na data 27 de agosto de 2020 polo Sr. Severino



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23





Álvarez Monteserín, rexistrado de entrada na data 28 de agosto de 2020, (Rexistro de entrada nº 10.580).

TERCEIRO.- Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura dixital de data 2 de setembro de 2020 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

CUARTO:- Informe emitido en sentido favorable de acordo cos antecedentes anteriores polo técnico de administración general do Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data 4 de setembro de 2020

II LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

- Os artigos 42 a 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- Os artigos 61.1 ou) e 288 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 349 a 359 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.
- O Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre Visado Colexial Obrigatorio
- Plan Básico Autonómico
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. As licenzas urbanísticas son os títulos administrativos regulados mediante os que a Administración competente permite a execución material dos actos de edificación e uso do solo proxectados, previa comprobación de que se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúnen as condicións exixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do plan urbanístico.

As licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.





A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan urbanístico que se incumpran no proxecto para o que se solicita.

SEGUNDO:-A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

— Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

— Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

TERCEIRO. A competencia para outorgar as licenzas corresponde aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.

O procedemento para o outorgamento das licenzas urbanísticas tramitarase e resolverá conforme á lexislación vixente en materia de réxime local e do procedemento administrativo común, ás especialidades procedimentales establecidas na lexislación urbanística e no presente regulamento.





Na tramitación do procedemento darase cumprimento a cantos trámites e actuacións veñan establecidos por normas sectoriais en atención ao contido específico da actuación urbanística de que se trate, nos termos e cos efectos sobre o procedemento previstos nas mesmas.

Tramitaranse conxuntamente, nun único procedemento, as solicitudes simultáneas de licenzas referidas a un mesmo inmovible ou parte do mesmo.

A resolución que se adopte diferenciará cada licenza outorgada, conservando cada una a súa propia natureza.

CUARTO. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO:- En virtude da Disposición Adicional Primeira da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, para o outorgamento de licenzas urbanísticas en terreos nos que, estando clasificados como solo urbano, non reúnan os requisitos do solo urbano consolidado que establece o **artigo 17 da Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, será necesario que previamente estea aprobado o plan que conteña a ordenación detallada, o proxecto de urbanización e o instrumento de equidistribución, de conformidade co disposto nos **artigos 95.2, 96 e 104 e seguintes de devandita Lei 2/2016, de 10 de febreiro.**

SEXTO. O **procedemento** para levar a cabo a concesión de licenza de obra maior é o seguinte:

A.- A solicitude de licenza deberá conter os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como una dirección ao efecto de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos do mesmo, a súa localización e a edificación ou inmovible ao que afecte, así como a referencia catastral do mesmo.
- Xustificante de pago dos tributos municipais.
- Proxecto completo redactado por técnico competente.





Una vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo (artigo 143.3 da LSG).

Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas na mesma. O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

Devandito proxecto técnico conterá una memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

A memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.

Igualmente, conterá una memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.

Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.

— Oficio de dirección das obras, no que se identificará o técnico ou técnicos aos que se lles teñen encomendadas.

— Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.

— Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exhibibles.

— No seu caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

B. Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos, requirirase á persoa solicitante para que emende a falta ou presente os documentos preceptivos no prazo de dez días, con indicación de que, de non facelo, teráselle por desistida da súa petición, previa resolución que así o declare.

Declarado o desistimiento da solicitude de licenza á que se refire o apartado anterior, ou no caso de declaración de caducidade da mesma, poderase solicitar nova licenza achegando de novo a documentación ou solicitando a incorporación ao expediente da documentación que figurase no que sexa arquivado.

C. Será necesario informe técnico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.





D. O concello remitirá a documentación presentada ás autoridades competentes para que emitan as autorizacións, concesións ou informes sectoriais que sexan legalmente exixibles e que non tivesen que ser presentados coa solicitude.

E. Emitidos os informes e autorizacións preceptivos, e previo informe xurídico, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o **artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e, sen prexuízo, tal como acontece no Concello de Ribeira, do réxime de delegación de competencias efectuado pola Alcaldía a favor da Xunta de Goberno Local (Resolución de data 17 de xuño de 2019)

A resolución mediante a que se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outras especificacións requiridas polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e emprazamento das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de leira rexistral, de atoparse inscrita.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, no seu caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e final das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

F. A Resolución de Alcaldía (acordo da Xunta de Goberno Local) será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e de acódea contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO:-No presente expediente a parcela na que se proxecta a obra vivenda clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. e no D.O.G. do 20.03.03, como **catalogado Ficha A-14, protección grao II**

OITAVO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.





NOVENO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

DÉCIMO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

DÉCIMOPRIMEIRO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

- a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.
- b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaría en funcionamento.
- c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.
- d) Edificar os soares no prazo establecido.
- e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.
- f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse.

IV RESOLUCIÓN

VISTA a solicitude de licencia de **obra maior** para reforma e ampliación de edificio catalogado Ficha A-14, protección grao II, sita, da que é promotor **D. José Ramón García Oliveira** na Rúa Galicia nº 78, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX achegándose Proxecto Básico de setembro de 2018, Refundido 01 de modificado Proxecto Básico de xullo de 2019, Refundido de Proxecto Básico e de





Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 25 de xuño de 2020 redactados polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 2 de setembro de 2020 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, e que da documentación obrante no expediente considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa que resulta de aplicación.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 08/09/2020, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Ramón García Olveira (**DNI 76.490.361-C**), **LICENZA DE OBRAS (Nº 25/20)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO CATALOGADO** sito na Rúa Galicia nº 78, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX nos termos do Refundido de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 25 de xuño de 2020 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

- Deberá adecuarse íntegramente á resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo asinada dixitalmente na data 27 de agosto de 2020 polo Sr. Severino Álvarez Monteserín, rexistrado de entrada na data 28 de agosto de 2020, (Rexistro de entrada nº 10.580).
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra**, de **Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co **preceptivo visado colexial**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou





funcionarios competentes.

- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada,





beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- *Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.*

OITAVO.- *O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.*

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

**LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE OBRA MAIOR PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXOCUBERTA, NO LUGAR DE SIRVES, OLVEIRA, RIBEIRA EN PARCELA CON REFª CATASTRAL Nº 15074A940009980000UF
PROMOTOR: MARIA ELISA POUSO MARTINEZ**

En relación co expediente relativo á **solicitud de licenza de primeira ocupación de obra maior para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº**





15074A940009980000UF, da que é promotora Dna. Maria Elisa Pouso Martínez (DNI 53.484.686-A), e tendo en conta os seguintes,

I

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Pola Sra. M^a Elisa Pouso Martínez, (DNI 53.484.686-A), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 20 de outubro de 2017 e 23 de abril de 2018, (Rexistro de entrada nº 16.795 e 5.974), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con ref^a catastral nº 15074A940009980000UF achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 6 de outubro de 2017, redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451) así como Escritura de Pacto de Mellora de 19 de abril de 2018 autorizada pola notario de Riveira Sra.M^a Covadonga Vázquez López.

SEGUNDO.- Consta no expediente Rex. da Xunta (Saída 21431 / Rx 307601), Resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada dixitalmente na data 27 de febreiro de 2018 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz.

TERCEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de maio de 2018 que por unanimidade acorda **CONCEDER** á Sra. M^a Elisa Pouso Martínez **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXOCUBERTA** no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con ref^a catastral nº 15074A940009980000UF nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 6 de outubro de 2017, redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

CUARTO.- Escritos rexistrados de entrada na 13 de marzo, 16 de xuño e 4 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 3.742, 6.612 e 10.958), mediante os que solicita a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, construída ó amparo da licenza nº 25/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 24 de maio de 2018 no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con ref^a catastral nº 15074A940009980000UF, achegándose **Documentación Fin de Obra con memoria descriptiva de cambios en obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11 de marzo de 2020, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de marzo de 2020, asinados polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia e polo arquitecto técnico José M. Nieto Olveira, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, **Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de instalación eléctrica, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de xullo de 2020.

QUINTO.-Informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 4 de setembro de 2020 facendo constar que a



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23





vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente, e que respecto ás condicións de cesión se adecúanás establecidas na licenza, sen perxucio de que existe un muro de pedra tradicional cuio derribo está prohibido no artigo 26.1.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

SEXTO:- Informe xurídico en sentido favorable emitido polo TAG do Departamento de Urbanismo, D. José Martínez de Llano y Orosa en data 7 de setembro de 2020.

II LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Os artigos 42 a 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- Os artigos 61.1 ou) e 288 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 349 a 359 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.
- O Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre Visado Colexial Obrigatorio
- Plan Básico Autonómico
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable os actos de primeira ocupación dos edificios, de conformidade co establecido no artigo 142.2.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Respecto da primeira ocupación de vivendas, de acordo co artigo 42 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, una vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no Concello no que radique o inmovible, e acompañará á súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, exixa o concello competente.

SEGUNDO. Dispón o artigo 358.2 do Regulamento da Lei do Solo 2/2016, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que o estado de execución das obras autorizadas permita a súa utilización e ocupación con independencia da parte do edificio ou a construción inacabada.





b) Que a parte para cuxa ocupación ou utilización solicítese licenza, fóra executada integramente de conformidade ao proxecto autorizado, e se procede, ás súas modificacións e condicións da licenza urbanística outorgada.

c) Que a súa utilización e ocupación e o final das obras non se interfiran mutuamente de maneira grave.

d) Outras que establezan as ordenanzas municipais da edificación, se procede.

Nestes supostos, o concello poderá esixir mediante acordo motivado que o solicitante constitúa garantía para asegurar a correcta execución das obras restantes.

Así mesmo, poderán outorgarse licenzas de ocupación ou utilización limitadas a partes das construcións e instalacións que cumpran a normativa urbanística, cando existan outras partes que non se axusten á mesma en aspectos de detalle ou escasa entidade, sempre que se cumpra o previsto no parágrafo a) reproducido anteriormente, e que se constitúa garantía, sen prexuízo de exercitar as potestades de disciplina urbanística que fosen procedentes.

TERCEIRO. O artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, para a obtención de licenza de primeira ocupación nos edificios será necesario presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. Devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO. Corresponde ao Alcalde (Xunta de Goberno Local por delegación de data 17 de xuño de 2019) resolver sobre a concesión da licenza de primeira ocupación, en virtude do disposto nos artigos 61.1.ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

QUINTO. O prazo máximo para resolver será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, tal e como establece o artigo 143.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, de conformidade co artigo 357.1 do seu Regulamento.

Debe terse en conta que, aínda que o artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que as peticións de licenza se resolverán no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, pola súa banda o **artigo 42.3 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia**, establece que para os casos de licenza de primeira ocupación de vivendas deberase resolver a solicitude e notificarlla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

SEXTO. Dispón o artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axústanse á licenza outorgada.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por **Decreto 143/2016, de 22 de setembro**, establece no seu **artigo 355** que “As





solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como una declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarse igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración”.

SÉTIMO:- A licenza de primeira ocupación regúlase nos **artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia** establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente.

2. Sin perxucio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

- Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.*
- Que sexa susceptible de utilización independente.*
- Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.*

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificárla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

OITAVO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23





Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, ***sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito***, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a **STS de 14 de decembro de 1998**, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos termos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de





restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

IV RESOLUCIÓN

VISTA a solicitude de licenza de **primeira ocupación de obra maior** en relación coa **construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A940009980000UF, da que é promotora Dna. Maria Elisa Pouso Martínez (DNI 53.484.686-A)**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 4 de setembro de 2020 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, e que da documentación obrante no expediente considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa que resulta de aplicación.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 08/09/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Maria Elisa Pouso Martínez **licenza de primeira ocupación de obra maior** en relación coa construción de **vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A940009980000UF**, executada ó amparo da licenza nº 25/18 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 24 de maio de 2018 no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A940009980000UF, achegándose **Documentación Fin de Obra con memoria descriptiva de cambios en obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 11 de marzo de 2020, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 11 de marzo de 2020, asinados polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia e polo arquitecto técnico José M. Nieto Olveira, **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, **Xustificante do Catastro de Alta no IBI**, **Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade**, **Certificado de instalación eléctrica**, **Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 30 de xullo de 2020.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23





TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **José Álvarez García**, de data 14/08/2020 (Rexistro de entrada nº 10.022), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa da Cerca, nº 31, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 15/08/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José Álvarez García** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa da Cerca, nº 31, Aguiño, con reforzo de pintado de liña amarela (2,50 m.) según o sinalado no citado informe policial.

- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





2.- Visto o escrito presentado por **Manuel Patiño Antelo**, de data 09/09/2020 (Rexistro de entrada nº 11.228), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Cruceiro de Cruces, nº 22, Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Manuel Patiño Antelo** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Cruceiro de Cruces, nº 22, Palmeira, con reforzo de pintado de liña amarela (3,00 m.) según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á **Xunta de Goberno Local** do escrito remitido polo **Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 07/09/2020 (Resistrado de entrada en data 09/09/2020 co nº 11.203), no que achega certificación da sentenza de data 04/06/2018 e número 00138/2018 ditada no recurso PO 0000057/2017, así como copia da resolución (Auto) ditado pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xunto co expediente administrativo completo.

2.- Vista a proposta emitida pola **Policía Local**, de data 03/08/2020, relativa á retirada/cambio de ubicación de maceteiros, así como a retirada/modificación de alcorques de bordillo de pedra, situados nas beirarrúas da Praza do Concello e Rúa Otero Pedrallo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a retirada da citada proposta desta sesión para o seu maior estudo e deliberación.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23

DOCUMENTO: 20200554290

Fecha: 18/09/2020
Hora: 13:53





3.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 03/09/2020, relativa á necesidade de instalación dun sinal R-308 (Prohibido estacionar excepto autobuses escolares) ou a substitución do sinal S-19 (Parada de autobuses) ao estar a actual deteriorada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a que se proceda á substitución do sinal S-19 (Parada de autobuses) coa inclusión dunha lenda indicativa de “Prohibido estacionar excepto autobuses en horario escolar entre as 9:00 h – 18:00 h”

4.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 04/09/2020, relativa á necesidade de delimitar os estacionamentos no lugar de Campos (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a delimitación dos estacionamentos do arcén dereito no sentido da marcha (Circulación Ribeira-Aguiño), debido a que é un lugar de gran afluencia de vehículos estacionando e saíndo de forma sistemática xa que pasa unha estrada provincial (DP 7306), según o sinalado no citado informe policial.

5.- Visto o escrito presentado por **María del Carmen González Sarasquete**, de data 10/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.746), no que solicita o cambio de ubicación dun sinal R-308 de estacionamento prohibido, así como o rebaixe da beirarrúa, para poder facer a entrada a un garaxe (Local-garaxe nº 2) situado na Rúa Cordieiro nº 23 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a o cambio de ubicación dun sinal R-308 de estacionamento prohibido, así como o rebaixe da beirarrúa, para poder facer a entrada a un garaxe (Local-garaxe nº 2) situado na Rúa Cordieiro nº 23 (Ribeira), solicitado por María del Carmen González Sarasquete, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Informar á solicitante que os costes derivados do cambio de ubicación do sinal serán asumidos por este concello, sen embargo, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa deberán ser asumidos pola solicitante.
- c) Así mesmo, comunicar a María del Carmen González Sarasquete que deberá solicitar o preceptivo vao permanente para a entrada ao garaxe situado na Rúa Cordieiro nº 23 (Ribeira). Condición indispensable para que os vehículos poidan acceder ao citado garaxe a través da beirarrúa.





ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 27 de agosto de 2020 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2020 para o período de xuño de 2020, que ascende a 10.189,03 euros.

Visto o informe de intervención.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 22/07/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de xuño de 2020, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 10.189,03 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTELERÍA LOCAL PROVOCADA POLO COVID-19. PROCEDEMENTO: 10053. EXP.: CONV000006

Vista a proposta de resolución da Comisión Avaliadora para as axudas para a reactivación económica do comercio e a hostalería local provocada polo COVID-19, de data 08/09/2020 (*Acta 2- Revisión das solicitudes subsanadas, proposta de rexeitamento de solicitudes e proposta de resolución_convocatoria de axudas para a reactivación económica do comercio e a hostalería local, provocada polo COVID-19*)





Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Excluir os seguintes expedientes polas causas que se recollen na seguinte táboa:

Rexistro	Expediente	Motivo exclusión
7750	BSCH000135	IAE non subvencionable.
7544	BSCH000131	IAE non subvencionable.
7543		
7481	BSCH000116	IAE non subvencionable.
7468	BSCH000112	IAE non subvencionable.
7438	BSCH000104	IAE non subvencionable.
7416	BSCH000097	IAE non subvencionable.
7405	BSCH000088	IAE non subvencionable.
7370	BSCH000081	Non cumpre requisito micropeme
7315	BSCH000074	Non cumpre requisito micropeme
7101	BSCH000031	Non ten licencia de actividade
7068	BSCH000028	IAE non subvencionable.
7040	BSCH000025	IAE non subvencionable.
6901	BSCH000020	IAE non subvencionable.

SEGUNDO.- Aprobar como beneficiarios das axudas para a reactivación económica do comercio e a Hostalería Local aos expedientes co seu correspondente número de rexistro que se recollen na seguinte táboa, xunto co importe proposto a conceder e o importe a xustificar:

Nº Rexistro	Nº expediente	Proposta de concesión Favorable/Desfavorable	Importe proposto	Importe a xustificar (excluído o IVE)
7790	2020 / BSCH000136	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7549	2020 / BSCH000134	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7548	2020 / BSCH000133	FAVORABLE	869,69€	1.087,11 €
7547	2020 / BSCH000132	FAVORABLE	869,73€	1.087,16 €
7541	2020 / BSCH000130	FAVORABLE	747,16€	933,95 €
7542	2020 / BSCH000129	FAVORABLE	1.083,42€	1.354,28 €
7538	2020 / BSCH000128	FAVORABLE	1.102,29€	1.377,86 €
7535	2020 / BSCH000127	FAVORABLE	1.448,93€	1.811,16 €
7537	2020 / BSCH000126	FAVORABLE	1.248,92€	1.561,15 €
7536	2020 / BSCH000125	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7533	2020 / BSCH000124	FAVORABLE	1.079,74€	1.349,68 €
7534	2020 / BSCH000123	FAVORABLE	317,47€	396,84 €
7531	2020 / BSCH000122	FAVORABLE	1.371,22€	1.714,03 €
7529	2020 / BSCH000121	FAVORABLE	1.044,25€	1.305,31 €
7514	2020 / BSCH000120	FAVORABLE	947,42€	1.184,28 €
7485	2020 / BSCH000119	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7489	2020 / BSCH000118	FAVORABLE	577,52€	721,90 €
7480	2020 / BSCH000117	FAVORABLE	1.169,44€	1.461,80 €
7478	2020 / BSCH000115	FAVORABLE	1.504,53€	1.880,66 €
7466	2020 / BSCH000114	FAVORABLE	957,52€	1.196,90 €





CONCELLO
DE
R I B E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

7470	2020 / BSCH000113	FAVORABLE	755,60€	944,50 €
7479	2020 / BSCH000111	FAVORABLE	503,88€	839,80 €
7459	2020 / BSCH000110	FAVORABLE	1.130,05€	1.412,56 €
7450	2020 / BSCH000109	FAVORABLE	1.595,00€	1.993,75 €
7464	2020 / BSCH000108	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7448	2020 / BSCH000107	FAVORABLE	1.481,62€	1.852,03 €
7462	2020 / BSCH000106	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7461	2020 / BSCH000105	FAVORABLE	145,05€	181,31 €
7426	2020 / BSCH000103	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7432	2020 / BSCH000102	FAVORABLE	1.147,56€	1.434,45 €
7418	2020 / BSCH000101	FAVORABLE	1.091,89€	1.364,86 €
7421	2020 / BSCH000100	FAVORABLE	1.462,72€	1.828,40 €
7419	2020 / BSCH000099	FAVORABLE	791,45€	1.319,09 €
7417	2020 / BSCH000098	FAVORABLE	894,21€	1.117,76 €
7414	2020 / BSCH000096	FAVORABLE	264,25€	330,31 €
7415	2020 / BSCH000095	FAVORABLE	720,69€	900,86 €
7409	2020 / BSCH000094	FAVORABLE	526,50€	658,13 €
7413	2020 / BSCH000093	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7412	2020 / BSCH000092	FAVORABLE	496,09€	620,11 €
7410	2020 / BSCH000091	FAVORABLE	291,02€	363,78 €
7407	2020 / BSCH000090	FAVORABLE	1.572,12€	1.965,15 €
7406	2020 / BSCH000089	FAVORABLE	666,59€	833,24 €
7401	2020 / BSCH000087	FAVORABLE	406,00€	507,50 €
7471	2020 / BSCH000086	FAVORABLE	1.146,33€	1.432,91 €
7397	2020 / BSCH000085	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7398	2020 / BSCH000084	FAVORABLE	92,70€	154,50 €
7392	2020 / BSCH000083	FAVORABLE	1953,67€	2.442,09 €
7375	2020 / BSCH000082	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7371	2020 / BSCH000080	FAVORABLE	248,51€	310,64 €
7364	2020 / BSCH000079	FAVORABLE	1.101,64€	1.377,05 €
7363	2020 / BSCH000078	FAVORABLE	891,31€	1.485,52 €
7378	2020 / BSCH000077	FAVORABLE	1.500,00€	2.500,00 €
7376	2020 / BSCH000076	FAVORABLE	736,53€	920,66 €
7335	2020 / BSCH000075	FAVORABLE	356,73€	445,91 €
7327	2020 / BSCH000073	FAVORABLE	1.500,00€	2.500,00 €
7328	2020 / BSCH000072	FAVORABLE	1.690,70€	2.113,38 €
7314	2020 / BSCH000071	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7310	2020 / BSCH000070	FAVORABLE	743,89€	929,86 €
7313	2020 / BSCH000069	FAVORABLE	487,43€	609,29 €
7312	2020 / BSCH000068	FAVORABLE	1.370,71€	2.284,52 €
7306	2020 / BSCH000067	FAVORABLE	574,88€	718,60 €
7308	2020 / BSCH000066	FAVORABLE	761,02€	951,28 €
7307	2020 / BSCH000065	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7305	2020 / BSCH000064	FAVORABLE	177,46€	221,83 €
7304	2020 / BSCH000063	FAVORABLE	1.537,38€	1.921,73 €
7299	2020 / BSCH000062	FAVORABLE	263,94€	329,93 €
7290	2020 / BSCH000061	FAVORABLE	1.699,71€	2.124,64 €
7278	2020 / BSCH000060	FAVORABLE	738,68€	923,35 €
7254	2020 / BSCH000059	FAVORABLE	381,76€	477,20 €
7248	2020 / BSCH000058	FAVORABLE	290,52€	363,15 €
7242	2020 / BSCH000057	FAVORABLE	1.483,44€	1.854,30 €

XGL-10/09/2020 – Páxina 27 de 31



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E4000875320F3K6O6A9B0H8
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 18/09/2020 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/09/2020 13:57:23

DOCUMENTO: 20200554290
Fecha: 18/09/2020
Hora: 13:53





CONCELLO
DE
R I B E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

7227	2020 / BSCH000056	FAVORABLE	1.292,23€	2.153,72 €
7219	2020 / BSCH000055	FAVORABLE	399,28€	499,10 €
7213	2020 / BSCH000054	FAVORABLE	1.883,46€	2.354,33 €
7200	2020 / BSCH000053	FAVORABLE	1.910,57€	2.388,21 €
7208	2020 / BSCH000052	FAVORABLE	917,86€	1.529,77 €
7201	2020 / BSCH000051	FAVORABLE	1.571,41€	1.964,26 €
7197	2020 / BSCH000050	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7189	2020 / BSCH000049	FAVORABLE	1.148,00€	1.435,00 €
7183/7302	2020 / BSCH000048	FAVORABLE	581,05	968,42 €
7184	2020 / BSCH000047	FAVORABLE	894,40€	1.118,00 €
7178	2020 / BSCH000046	FAVORABLE	441,90€	552,38 €
7172	2020 / BSCH000045	FAVORABLE	1.830,12€	2.287,65 €
7166	2020 / BSCH000044	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7163	2020 / BSCH000043	FAVORABLE	1.274,15€	1.592,69 €
7147	2020 / BSCH000042	FAVORABLE	927,69€	1.159,61 €
7153	2020 / BSCH000041	FAVORABLE	849,96€	1.062,45 €
7151	2020 / BSCH000040	FAVORABLE	1.273,33€	1.591,66 €
7094	2020 / BSCH000039	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
7099	2020 / BSCH000038	FAVORABLE	958,13€	1.197,66 €
7089	2020 / BSCH000037	FAVORABLE	501,60€	627,00 €
7091	2020 / BSCH000036	FAVORABLE	338,34€	422,93 €
7088	2020 / BSCH000035	FAVORABLE	330,63€	413,29 €
7084	2020 / BSCH000034	FAVORABLE	595,36€	744,20 €
7079	2020 / BSCH000033	FAVORABLE	230,11€	287,64 €
7080	2020 / BSCH000032	FAVORABLE	610,08€	762,60 €
7100	2020 / BSCH000030	FAVORABLE	1.369,93€	1.712,41 €
7076	2020 / BSCH000029	FAVORABLE	239,89€	299,86 €
7054	2020 / BSCH000027	FAVORABLE	1.258,11	1.572,64 €
7036	2020 / BSCH000026	FAVORABLE	652,34€	815,43 €
7013	2020 / BSCH000024	FAVORABLE	322,29€	402,86 €
6981	2020 / BSCH000023	FAVORABLE	1.658,13€	2.072,66 €
6963	2020 / BSCH000022	FAVORABLE	1.500€	2.500,00 €
6940	2020 / BSCH000021	FAVORABLE	218,96€	273,70 €
6844	2020 / BSCH000019	FAVORABLE	510,22€	850,36 €
6804/7217	2020 / BSCH000018	FAVORABLE	1569,25€	1.961,56 €
6798	2020 / BSCH000017	FAVORABLE	813,16€	1.016,45 €
6768	2020 / BSCH000016	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
6763	2020 / BSCH000015	FAVORABLE	372,49€	620,82 €
6750	2020 / BSCH000014	FAVORABLE	1.172,90€	1.466,13 €
6721	2020 / BSCH000013	FAVORABLE	567,10€	708,88 €
6692	2020 / BSCH000012	FAVORABLE	557,74€	1.161,95 €
6688	2020 / BSCH000011	FAVORABLE	1.942,33€	2.427,91 €
6638	2020 / BSCH000010	FAVORABLE	1.200,00€	2.500,00 €
6622	2020 / BSCH000009	FAVORABLE	742,34€	927,93 €
6548	2020 / BSCH000008	FAVORABLE	218,27€	272,84 €
6554	2020 / BSCH000007	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €
6444	2020 / BSCH000006	FAVORABLE	435,56€	580,75 €
6447	2020 / BSCH000005	FAVORABLE	1.837,10€	2.296,38 €
6440	2020 / BSCH000004	FAVORABLE	1.427,00€	1.783,75 €
6437	2020 / BSCH000003	FAVORABLE	630,48€	788,10 €





6432	2020 / BSCH000002	FAVORABLE	1.523,33€	1.904,16 €
6423	2020 / BSCH000001	FAVORABLE	2.000,00€	2.500,00 €

Os beneficiarios disporán do prazo dun mes, a contar dende a data de publicación colectiva da notificación da resolución, para xustificar a axuda segundo se recolle no artigo 11 das bases que rexen este procedemento.

TERCEIRO.- Que se notifique aos interesados de forma colectiva, mediante listado na páxina web do Concello (www.ribeira.gal), publicándose o número de rexistro de entrada de cada solicitude e o importe a recibir.

ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DO COMERCIO LOCAL. PROCEDEMENTO: 10053. EXP.: CONV000007

Vista a proposta de resolución da Comisión Avaliadora para as axudas para a mellora e innovación do comercio local, de data 08/09/2020 (*Acta 2- Revisión das solicitudes subsanadas, proposta de rexeitamento de solicitudes e proposta de resolución_convocatoria de axudas para mellora e innovación do comercio local*)

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Propoñer á Xunta de Goberno Local excluír os seguintes expedientes polas causas que se recollen na seguinte táboa:

Rexistro	Expediente	Motivo exclusión
8600	BSMC000018	IAE non subvencionable.
8407	BSMC000011	Non ten un mínimo de gastos de 600€
7802	BSMC000005	IAE non subvencionable.

SEGUNDO.- Propoñer á Xunta de Goberno Local como beneficiarios das axudas para a mellora e innovación do comercio Local aos expedientes co seu correspondente número de rexistro que se recollen na seguinte táboa, xunto co importe correspondente:

Nº Rexistro	Nº expediente	Proposta de concesión Favorable/Desfavorable	Importe proposto	Importe a xustificar
8596	2020 / BSMC000017	FAVORABLE	LIÑA A:1.040€	LIÑA A:1.300€
8594	2020 / BSMC000016	FAVORABLE	LIÑA A:1.040€	LIÑA A:1.300€
8522	2020 / BSMC000015	FAVORABLE	LIÑA A:3.000€ LIÑA C: 500€	LIÑA A:3.750€ LIÑA C: 625€
8517	2020 / BSMC000014	FAVORABLE	LIÑA A:489,65€	LIÑA A:612,06€
8480	2020 / BSMC000013	FAVORABLE	LIÑA A:1283,56€	LIÑA A:1.604,45€
8420	2020 / BSMC000012	FAVORABLE	LIÑA A:2164,62€ LIÑA C:500€	LIÑA A:2.705,78€ LIÑA C:625€
8251	2020 / BSMC000010	FAVORABLE	LIÑA A:3.000€	LIÑA A:3.750€





8158	2020 / BSMC000009	FAVORABLE	LIÑA A:3.000€	LIÑA A:3.750€
8153	2020 / BSMC000008	FAVORABLE	LIÑA A:657,13€	LIÑA A:821,41€
8140	2020 / BSMC000007	FAVORABLE	LIÑA A:1416,64€	LIÑA A:1770,83€
8061	2020 / BSMC000006	FAVORABLE	LIÑA A:1.983,47€	LIÑA A:2479,34€
7623	2020 / BSMC000004	FAVORABLE	LIÑA A:1.940€	LIÑA A:2.425€
7384	2020 / BSMC000003	FAVORABLE	LIÑA A:2.832€	LIÑA A:3.540€
6906	2020 / BSMC000002	FAVORABLE	LIÑA A:536,74€	LIÑA A:670,93€
6562	2020 / BSMC000001	FAVORABLE	LIÑA A: 997,60€	LIÑA A: 1.247€

Os beneficiarios disporán ata o 20 de novembro de 2020 para xustificar a axuda segundo se recolle no artigo 12 das bases que rexen este procedemento.

TERCEIRO.- Que se notifique aos interesados de forma colectiva, mediante listado na páxina web do Concello (www.ribeira.gal), publicándose o número de rexistro de entrada de cada solicitude e o importe a recibir.

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (MOSTRA DE TEATRO DE RIVEIRA 2020).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 07/09/2020, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Riveira 2020”.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 08/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- Autorizar a celebración da programación da “Mostra de Teatro de Riveira 2020”

2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Riveira 2020”:

- Prezo xeral por reserva de butaca para cada función: **4,00 €**
- Bono para todas as representacións da mostra: **25,00 €**

4.- Aprobar a normativa de adquisición das entradas como reserva de butaca, según o sinalado na citada proposta.

3.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado





AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Visto o **informe social** emitido pola Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Ribeira, María del Pilar García Sampedro, de data 31/08/2020, en relación á solicitude de concesión de axudas para Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Riveira presentada por **XXXXXXX XXXX XXXX XXXX**.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **XXXX XXXX XXXXX XXXXX** unha axuda para pago de aloxamento de urxencia desde o día 26/06/2020 ata o día 10/07/2020, polo importe máximo de **379,50 €**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A Alcaldesa en funcións
María José Sampedro Fernández

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

